

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O SIMPOSIO INTERNACIONAL DE XENÉTICA EN ACUICULTURA OFRECE EN COMPOSTELA UN ACTO DE BENVIDA AOS CONGRESISTAS PROCEDENTES DUN TOTAL DE 46 PAÍSES

- ***O Simposio, que inaugurarán oficialmente o Reitor da Universidade de Santiago de Compostela, D. Juan M. Viaño Rey, o Catedrático de Xenética do Grupo ACUIGEN, D. Paulino Martínez Portela, e a Conselleira de Medio Rural e do Mar, Dna. Rosa Quintana Carballo, celebrarase na facultade de Dereito dos días 21 ao 27 de xuño, convertendo a Galicia no foco de atención internacional dos avances na xenética para a produción acuícola.***

Vigo, 19 de xuño de 2015.- A duodécima edición do Simposio Internacional de Xenética en Acuicultura que organiza o Grupo ACUIGEN da Universidade de Santiago de Compostela coa colaboración da Fundación CETMAR ten xa confirmada asistencia de preto de trescentos delegados dun total de 46 países, confirmando e mesmo superando as boas expectativas de público do Comité Organizador.

Confírmanse tamén o éxito no incremento da participación empresarial no evento, dado que aproximadamente un terzo das organizacións asistentes serán empresas. Ademais, cabe salientar a aposta realizada polas empresas patrocinadoras, que teñen sido un total de 17, con presenza de diferentes sectores de actividade (acuicultura, biotecnoloxía, servizos de experimentación e materiais de laboratorio), procedentes dun total de 7 países, incluíndo varias firmas multinacionais.

Agárdase que ao longo da semana de celebración do ISGA XII moitas mais empresas da contorna poidan aproveitar a presenza deste destacado grupo de expertos internacionais para establecer contactos e coñecer polo miúdo as oportunidades que os avances na xenética ofrecen ao desenvolvemento da produción acuícola. Non en van, a axenda do simposio conta ademais cun día especialmente dedicado á industria. Será o mércores 24 de xuño, cando terá lugar unha mesa redonda, de acceso gratuíto, sobre transferencia de tecnoloxía. Durante esta reunión, o secretario xeral da Federación de Produtores Europeos de Acuicultura, Courtney Hough, debaterá con outros membros da mesa e cos asistentes sobre as prioridades da industria Europea respecto da investigación en xenética neste sector. Os interesados poderán tamén, previa inscrición sen custo, beneficiarse dun servizo de *brokerage* facilitado pola organización e visitar a zona de exposición.

O comité organizador do ISGA 2015 está presidido polo catedrático Paulino Martínez e formado por membros do grupo de investigación ACUIGEN do departamento de Xenética da Facultade de Veterinaria de Lugo e investigadores do INIA (Instituto Nacional de Investigación Agroalimentaria) en Madrid. O Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación CETMAR colabora coa Universidade de Santiago na organización do congreso.

O evento conta tamén co apoio da Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural e do Mar, da Consellería de Economía e Industria a través da Axencia Galega de Innovación e do IGAPE e da Consellería de Educación, así como tamén do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.